UNIDADE 6: A CULTURA COMA ORDE SIMBÓLICA
RESUMO

Unha cultura é un contexto onde se producen símbolos e se utilizan. Todo nas culturas "significa", os actos que facemos os individuos teñen significados, os actos que vemos noutros teñen significados, os obxectos da cultura significan cousas, e comprender unha cultura significa comprender estes significados.

En todos os ámbitos se producen símbolos, pero os máis analizados pola antropoloxía cultural teñen sido a arte, os relatos e a relixión. As culturas producen contos, adiviñas, refráns, lendas... que encerran ensinanzas e valores culturais. Neste tema ímonos ocupar da relixión máis que destes outros ámbitos.

Unha relixión consiste na separación de parte da realidade como "sagrada", na separación do sagrado e o profano, no ordinario e do extraordinario. Algunhas das formas das relixións son:

- O animismo: considerar que os obxectos, os seres... teñen "alma", un principio invisible ao que se atribúen certos sucesos.
- Maná e tabú: o maná é unha forza impersoal que pode residir en obxectos ou seres, a pesar de traer sorte, o contacto con el é perigoso, polo ser tabú (prohibición de acercarse a el)
- Maxia: consiste en usas técnicas específicas para conseguir un fin concreto.
- Relixión nos grandes Estados: nas grandes organizacións políticas a relixión institucionalízase e se converte nun axente social con poder

Entre as funcións da relixión están as seguintes:

- Dar explicacións, neste sentido unha relixión é unha cosmovisión ou concepción do mundo
- Proporcionar pautas de comportamento
- Proporcionar consolo en momentos de ansiedade ou incerteza
- Servir para unir o grupo social

Ademais como institución, a relixión pode cumprir outro tipo de funcións económicas, sociais ou políticas.

Un mito é un relato no que se conteñen os elementos fundamentais da cosmovisión dunha cultura, por iso son relatos cun grande valor. Explican a orixe do mundo, da natureza, dun pobo,... Moitas veces falan dos deuses e da súa participación na creación das cousas. Para analizalos distínguese o seu contido, a súa forma, a función e o contexto no que o mito se representa ou se presenta.

Un ritual consiste habitualmente na representación dun mito ou dalgún dos seus aspectos. Trátase de actos formais, con momentos que se repiten, realízanse en lugares e momentos determinados, hai secuencias de actos e palabras establecidas. Hai moitos tipos de rituais, pero os máis analizados pola

antropoloxía cultural son os ritos de paso, que se usan para marcar os cambios na vida dos individuos, por exemplo (como no paso á vida adulta). Nestes hai tres momentos: a separación, a liminaridade (na que o individuo está na marxe) e a integración (a persoa é recibida no seu novo status).

En Occidente vívese dende hai uns séculos un proceso coñecido coma secularización, que consiste na perda de peso social da relixión máis estendida en Europa neste período: o Cristianismo: a relixión convértese en asunto particular e individual que cada quen resolve na súa intimidade. A perda de presencia do relixioso en comparación con outras épocas no é óbice para que o relixioso se manifeste, tanto a través das relixións, coma a través doutro tipo de prácticas culturais que mostran o mesmo procedemento de separación (sagrado profano) que as relixións: a música, o deporte ou o culto ao corpo.